



## CONCELLO DE PONTECESURES (PONTEVEDRA)

### ACTA DE VALORACION DOS ASPIRANTES Ó POSTO DE ARQUITECTO/A TECNICO/A DO CONCELLO DE PONTECESURES.

En Pontecesures, a vinte e nove de xuño de 2021, reunido na Casa do Concello de Pontecesures o órgano de selección do posto de arquitecto/a técnico/a, formado polo Arquitecto do Concello D. Carlos Besada Ferreiro, que actuará de Presidente deste tribunal; polo Técnico de Xuventude D. Francisco Freiría Oliveira, que actuará de vogal; e polo Técnico de Emprego D. José Rodríguez Fructuoso, que actuará de vogal e secretario. Este tribunal acorda o seguinte:

Estableceuse primeiramente unha ficha de datos persoais que cada un/unha dos/das aspirantes ten que cumplimentar, así como acordouse a elaboración de 2 probas a desenvolver por cada aspirante para comprobar o grado de coñecemento da normativa: unha delas a realización dun test de 20 preguntas, e a outra un suposto práctico.

Iniciado o acto procédese a realizar as correspondentes entrevistas entre todas aquellas persoas candidatas que, de conformidade coa oferta nos remitiu a oficina de emprego de Vilagarcía de Arousa, presentáronse tres dos/as candidatos: José Calvar García, Silvia Gómez Otero, e Ermitas Piñeiro Martínez.


Renunciaran previamente a este proceso selectivo: Laura Costa Martínez e Antonio Domínguez Rodríguez.


Seguidamente os/as tres aspirantes presentes cubriron a ficha de datos persoais, para a continuación proceder á realización das 2 probas escritas, un test e un caso práctico, relacionadas co posto para acreditar coñecementos de “planeamento e disciplina urbanística”, “contratación pública”, e “proxectos e dirección de obra”.


Trala corrección destas probas determinamos que Silvia Gómez Otero é a candidata mais idónea para este posto.

Tendo en conta o anteriormente exposto, propónese por este tribunal a contratación de Silvia Gómez Otero para o posto de arquitecta técnica.

De todo o cal esténdese a presente acta que en mostra da sua conformidade asinan os membros do tribunal.

  
Asdo.- Francisco Freiría Oliveira.

  
CONCELLO DE PONTECESURES  
(Pontevedra)  
  
Asdo.- Carlos Besada Ferreiro.

  
Asdo.- José Rodríguez Fructuoso.